



CONCELLO DE
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

BASES PARA A SELECCION DE UN PEÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

Primeira.- Obxecto da convocatoria

O obxecto desta convocatoria é a selección e posterior contratación laboral temporal, de un peón para a obra ou servizo “Desbroce e limpeza de rutas e camiños municipais”, segundo subvención concedida por resolución Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade de data 21 de outubro de 2020 ao abeiro do disposto na Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio 2020 (Expte. TR351G 2020/33-2) .

Segundo.- Características dos contratos

O traballador contratado estará vinculado ao concello baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Duración do contrato: 9 meses

Tipo de xornada: 100 %

O cometido funcional deste posto corresponderase coa propia da subvención, sendo as súas funcións as seguintes:

- Desbroce, limpeza e acondicionamiento de rutas de sendeirismo
- Acondicionamento de espazos naturais para usos recreativos e lúdicos.
- Reforzar a conservación e mantemento de pistas e camiños no término municipal
- Cantas outras funcións lles sexan encomendadas polos órganos municipais competentes.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

REQUISITOS XERAIS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a. Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os extranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.
- b. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala





CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban non caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e. Estar en posesión de certificado de escolaridade ou equivalente.

REQUISITOS ESPECÍFICOS:

Son requisitos específicos para a selección dos traballadores:

- a. A selección deberá realizarse entre persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e deberán estar dispoñibles para o emprego (art. 14.1 da Orde de convocatoria).
- b. Non ter sido contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas (art. 14.2 da Orde de convocatoria).
- c. Estar en posesión do carné de conducir tipo B. Debido a natureza do posto e a necesidade de desplazarse por todo o Concello para realizar as funcións propias do mesmo, considerase imprescindible estar en posesión do carné de conducir tipo B.

Cuarta.- Procedemento de selección


A participación no proceso selectivo realizarase de conformidade co establecido no artigo 14 da Orde de convocatoria mediante a presentación de oferta na oficina pública de emprego, dando traslado á mesma das presentes bases.

Os interesados deberán presentarse no Concello da Fonsagrada o día e hora que se lles indique na oferta remitida pola oficina de emprego e presentar solicitude para participar no proceso selectivo no modelo Anexo I destas bases á que deberán acompañar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI
- b) Fotocopia compulsada do carné de conducir tipo B
- c) Fotocopia compulsada do título esixido (Certificado de escolaridade ou equivalente)
- d) Documentación acreditativa dos méritos que se presenten.
- e) Carta de presentación remitida pola Oficina de Emprego

A documentación deberá presentarse mediante orixinal ou copia compulsada

Quinta.- Sistema de selección



Cod. Validación: 535WWEV4DDN625X6S5DDP-JH7D | Corrección: <https://concelloafonsagrada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



CONCELLO DE
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

A selección definitiva dos aspirantes realizarase mediante o sistema de concurso-oposición entre os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego que presenten solicitude para participar no proceso, e constará de dúas fases:

A) FASE DE CONCURSO

Esta fase será previa á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima 1 puntos.

- a. Por servizos prestados en Concellos na mesma ou superior categoría á do posto ao que se opta0,10 por cada mes completo ou fracción.
- b. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría á do posto ao que opta.....0,05 puntos por cada mes completo ou fracción.
- c. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á do posto ao que opta.....0,02 puntos por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2. FORMACIÓN.- Valorarase a formación nas materias propias do posto. Máximo 1 puntos.

- a. Cursos de máis de 50 horas.....0,20 puntos/curso
- b. Cursos de 20 - 50 horas.....0,10 puntos/curso
- c. Cursos de menos de 20 horas.....0,05 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarse con 0,05 puntos por curso.

B) FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización dunha proba teórica e outra práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acordes coa praza:

Primeiro exercicio.- Consistirá na realización dun cuestionario tipo test con preguntas relacionadas cos coñecementos sobre o ámbito territorial de actuación e polos traballos a realizar. Esta proba será cualificada cun máximo de 5 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 2,5 puntos para superala.

Segundo exercicio.- Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada cos traballos a desenvolver no posto. Esta proba será cualificada cun máximo de 3 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 1,5 puntos para superala.





CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

Sexta.- Proposta de Contratación

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas polos candidatos na fase de oposición e na fase de concurso.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do tribunal e de incorporación ao servizo.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores non seleccionados elaborárase unha listaxe por orde de puntuación. No suposto de renuncia do traballador contratado con anterioridade á finalización da obra, substituirase por outro traballador de similares características, segundo a listaxe elaborada cos traballadores non seleccionados, sempre e cando manteñan as condicións requiridas para a participación no proceso, é dicir, estar desempregados e inscritos na oficina de emprego correspondente.

Sétima.- Tribunal cualificador

O tribunal de selección será nomeado polo Alcalde a través de decreto e estará constituído por un presidente, un secretario e tres vogais

Para a válida constitución e actuación do Tribunal requirírase a asistencia da metade máis un dos seus membros e sempre do presidente e o secretario

Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do Presidente.

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Oitava.- Resultado do proceso, presentación de documentación e sinatura do contrato.

Rematada a calificación publicarase no Taboleiro de Anuncios da Corporación a relación de aprobados por orde de puntuación, así como a proposta de nomeamento como persoal laboral temporal baixo a modalidade de contrato temporal, do traballador que obtivera a maior puntuación do presente proceso selectivo, pasando os restantes traballadores que superaron o proceso a integrar unha bolsa de reserva, para os casos de baixa ou renuncia por parte de algún dos contratados, sempre que no momento do seu chamamento manteñan as mesmas condicións esixidas para a contratación (estar desempregado e inscrito no Servizo Público de Emprego).





CONCELLO DE
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO DE SELECCION DUN PEÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

1.- POSTO DE TRABALLO AO QUE OPTA

PEON

2.- DATOS PERSOAIS

APELIDOS	NOME
ENDEREZO	
DNI	TELEFONO
Nº SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE NACEMENTO

SOLICITA:

Participar nas probas selectivas, a que se refire a presente instancia, facendo constar que tódolos datos consignados son certos e que reúno todas e cada unha das condición esixidas, referidas á data do remate do prazo sinalado para a presentación da instancia, nas bases que declaro coñecer.

A Fonsagrada , de 2020

Sinatura do solicitante

Asdo.

Documentación que se achega:

- Copia do DNI
- Copia carné de conducir
- Certificado escolaridade
- Documentación acreditativa dos méritos

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DA FONSGRADA

ANEXO II





CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

Tema 1. O Concello da Fonsagrada. Poboación e territorio: Parroquias e aldeas, vías de comunicación.

Tema 2.- O Concello da Fonsagrada. Organización

Tema 3.- Nocións básicas para o desenvolvemento do posto de peón forestal.

Tema 4.- Nocións básicas sobre o manexo de motoserras, desbrozadoras e outra maquinaria forestal.

Tema 5.- Prevención de riscos laborais.



Cod. Validación: 535WWEV4DDN6Z5X6S5DDP-JH7D | Corrección: <https://concelloafonsagrada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6